CONCELLO DE SANTIAGO

**INFORME TÉCNICO RELATIVO AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES PARA A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS E DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/15/2012, dos seguintes licitadores:**

1. **ISS FACILITY SERVICES, SA**
2. **FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA**
3. **LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU**
4. **CLECE SA**
5. **SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, (SAMYL, S.L)**

**Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2013**

Redáctase o presente informe por solicitude da Mesa de Contratación encargada de valorar as ofertas presentadas para a contratación do servizo de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela.

De acordo coa Acta da **2ª Reunión da Mesa de Contratación**, recóllese a documentación obxecto de valoración que corresponde co SOBRE Nº 2 Subtitulado : "*Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a contratación, mediante procedemento aberto, do Servizo de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela CON/15/2012*", dos seguintes licitadores:

1 **ISS FACILITY SERVICES, SA**
2 **FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA**
3 **LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU**
4 **CLECE SA**
5 **SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, (SAMYL, S.L)**

Vista a normativa Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e do Real Decreto 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e a Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres.

Visto o "*Prego de Prescripcións Técnicas que rexen para a contratación dos servizos de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela*" (en adiante PCT) e o "*Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela*" (en adiante PCA), aprobados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago na sesión celebrada o 31 de outubro de 2012.

Vista e analizada de xeito minuciosa a documentación presentada no **SOBRE Nº 2** polos licitadores admitidos pola Mesa de Contratación, resulta que:

CONCELLO DE SANTIAGO

1- Todas as empresas presentan, de acordo co PCA e PCT

1. **Proposta de organización do servizo**
2. **Criterios de adxudicación de carácter social**

2- Para a análise e **valoración técnica das propostas** presentadas, acordouse utilizar unha metodoloxia, baseada en unha **análise pormenorizada das ofertas presentadas**, atendendo aos criterios establecidos nos pregos. Esta análise permiteunos valorar todas as propostas seguindo os **criterios establecidos no PCA**:

<table>
<tr><th colspan="3">CRITERIOS DE ADXUDICACION NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES SEGUN O PREGO DE CONDICIONS ADMINISTRATIVAS (PCA)</th></tr>
<tr><td rowspan="4">PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO</td><td>ATA</td><td>10 PUNTOS</td></tr>
<tr><td>Número total de horas que se comprometen no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución, partindo dunha diagnose da situación actual</td><td>Ata 3,5 puntos</td></tr>
<tr><td>Actuacións e aportacións que supoñan unha mellora sobre as especificacións contidas no prego técnico de aplicación</td><td>Ata 3,5 puntos</td></tr>
<tr><td>Enumeración da maquinaria, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará específicamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización dos servizos</td><td>Ata 3 puntos</td></tr>
<tr><td rowspan="3">CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL</td><td>ATA</td><td>2 PUNTOS</td></tr>
<tr><td>Medidas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar que o licitador comprométese a aplicar para a plantilla que execute o contrato, e que melloren os mínimos establecidos na Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres. O licitador presentará unha proposta técnica sinalando calendario e sistemas de avaliación sobre medidas concretas. Así mesmo, valorase ó licitador que acredite dispoñer na empresa de programas de protección a mulleres en situación de maltrato e de prevención de acoso laboral</td><td>Ata 1 punto</td></tr>
<tr><td>Acreditación de ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade en porcentaxe superior ao 2%.</td><td>Ata 1 punto</td></tr>
</table>

CONCELLO DE SANTIAGO

Estructurase este informe en dúas partes :

- Unha primeira parte, onde se recollen **as puntuacions acadadas** polos licitadores en cada un dos apartados ou criterios de adxudicación **non avaliables mediante cifras ou porcentaxe.**

- Unha segunda parte, onde se describe o análise das ofertas **por servizos e forma de prestación**, tal e como sinalan os pregos .

CONCELLO DE SANTIAGO

## TÁBOAS COAS VALORACIÓNS ACADADAS POLOS LICITADORES

## TABOA COAS PUNTUACIONS XEARIS ACADADAS POLOS LICITADORES

| CRITEIROS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS | PUNTOS PCA | EMPRESA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | ISS FACILITY SERVICES SA | FERROSER SERVICIOS AUXILIATRES SA | LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | CLECE SA | SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL,S.L) |
| CRITERIO ORGANIZACIÓN DO SERVIZO | 10,00 | 8,80 | 8,00 | 8,50 | 8,35 | 6,90 |
| CRITERIOS DE CARÁCTER SOCIAL | 2,00 | 1,85 | 1,90 | 1,90 | 1,85 | 1,85 |
| **TOTAIS** | **12,00** | **10,65** | **9,90** | **10,40** | **10,20** | **8,75** |

## TABOA DE PUNTUACIONS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES NO APARTADO DA PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

| CRITERIO ORGANIZACIÓN DO SERVIZO | PUNTOS PCA | EMPRESAS | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | ISS FACILITY SERVICES SA | FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | CLECE SA | SAMYL SL |
| Número total de horas que se compromenten no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución, partindo dunha diagnose da situación | 3,50 | 3,10 | 2,60 | 3,30 | 2,65 | 2,00 |
| Actuacións e aportacións que suponen unha mellora sobre as especificación | 3,50 | 2,70 | 2,80 | 2,90 | 3,50 | 2,70 |
| Enumeración da maquinaria, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará específicamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización | 3,00 | 3,00 | 2,60 | 2,30 | 2,20 | 2,20 |
| **TOTAIS** | 10 | 8,80 | 8,00 | 8,50 | 8,35 | 6,90 |

## TABOA DE PUNTUACIONS ACADADAS POLOS LICITADORES NO APARTADO DOS CRITERIOS DE CARÁCTER SOCIAL

| CRITERIOS DE CARÁCTER SOCIAL | PUNTOS PCA | EMPRESAS LICITADORAS | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | ISS FACILITY SERVICES SA | FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | CLECE SA | SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, (SAMYL,S.L) |
| Medidas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar que o licitador comprometese a aplicar para a plantilla que execute o contrato, e que melloren os mínimos establecidos na Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres. O licitador presentará unha proposta técnica sinalando calendario e sistemas de avaliación sobre medidas concretas. Así mesmo, valorase ó licitador que acredite disponer na empresa de programas de protección a mulleres en situación de maltrato e de prevención de acoso laboral | 1,00 | 0,85 | 0,90 | 0,90 | 0,85 | 0,85 |
| Acreditación de ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade en porcentaxe superior ao 2% | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 |
| **TOTAIS** | 2,00 | 1,85 | 1,90 | 1,90 | 1,85 | 1,85 |

# ANÁLISE DAS OFERTAS

Para proceder a análise das propostas presentadas polas empresas, tivemos en conta os criterios establecidos no PCA .

## 1. PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

### CRITERIOS A VALORAR

A) **Número total de horas** comprometidas e a súa **distribución, xustificando e analizando** esta distribución, partindo de unha diagnose actual.

B) Actuacións e aportacions que supoñan unha **mellora** sobre a prestación do servizo

- Número de horas de incremento do servizo, sempre e cando melloren o establecido no PPT; incremento de frecuencias de limpeza; bolsa de horas.
- A maquinaria, úteis e outros elementos que contribúan a conservación e mellora da prestación do servizo; xestión dos residuos.
- Todas aquelas outras aportacions que, non recollidas nos anteriores apartados, contribúan a mellorar a prestación do servizo.

Non consideramos avaliable todo aquelo que xa ven establecido no PPT.

C) **Enumeración de maquinaria, úteis e ferramentas** (incluso informáticas), detallando características, adicación e análise da súa repercusión sobre a optimización dos servizos.

## 2. CRITERIOS DE ADXUDICION DE CARÁCTER SOCIAL

### CRITERIOS A VALORAR

A- **Medidas concretas de conciliación** entre a vida persoal, laboral e familiar e programas de protección á muller en situación de maltrato e de prevención de acoso laboral.

B- **Número de traballadores** con discapacidade en porcentaxe superior o 2%.

# 1. PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

## 1.1 OFERTA PRESENTADA POLA EMPRESA ISS FACILITY SERVICES SA

**A) Número total de horas que comprometan no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución partindo dunha diagnose da situación actual ( Ata 3,5 puntos).**

**SERVIZO DE LIMPEZA**

A empresa presenta un detallado plan de limpeza, reflexando nun cadro a distribución das horas comprometidas e as frecuencias dos servizos por centros, distinguindo por un lado a xornada efectiva semanal tanto na época de actividade normal como na estival e o seu correspondente cómputo anual. Tamén sinala de xeito diferenciado o número de horas adicadas a cada centro para o tratamento especializado de solos e cristais. No apartado de servizos a realizar e metodoloxía a empregar, sinala craramente as tarefas e frecuencias por dependencia, diferenciando as distintas zonas dentro delas, os equipos e útiles de limpeza segundo sexa a tipoloxia constructiva e os elementos constitutivos dos equipamentos da dependencia.

Co respecto o número total de horas que se comprometen, exponse o cadro xenérico comparativo formado a partires da proposta presentada ( páxinas 11 e 12 ):

| DEPENDENCIA | HORAS SEMANAIS | | |
|---|---|---|---|
| | PREGO | *ISS* | DIFERENCIA |
| BRIG. VIAS E OBRAS | 6,00 | 7,30 | 1,30 |
| ASEOS PÚBLICOS | 16,00 | 21,04 | 5,04 |
| BAIXOS P. RAXOI - INFORMÁTICA | 7,00 | 7,30 | 0,30 |
| BAIXOS P. RAXOI - PERSOAL | 7,00 | 7,30 | 0,30 |
| BAIXOS P. RAXOI - TRÁFICO | 19,00 | 25,54 | 6,54 |
| PARQUES E XARDÍNS | 4,50 | 7,23 | 2,73 |
| CENTRO OCUP. DE ARÍNS | 15,00 | 13,85 | - 1,15 |
| CONCELLO VELLO -Cervantes | 12,00 | 14,47 | 2,47 |
| ESCOLA R. BISPO TEODOMIR | 5,00 | 4,62 | - 0,38 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ESCOLA R. RIAL-LARAÑO | 5,00 | 4,62 | - 0,38 |
| ESCOLA R. GAIOSO EIXO | 5,00 | 4,62 | - 0,38 |
| INTERVENCIÓN (GALERAS) | 25,50 | 26,53 | 1,03 |
| LOCALES DE ENSAYO | 1,00 | 0,55 | - 0,45 |
| DPT. MEDIOAMBIENTE | 3,10 | 4,03 | 0,93 |
| OFICINA DO CENSO | 4,00 | 4,82 | 0,82 |
| PROT. CIVIL de S.LÁZARO | 7,00 | 10,06 | 3,06 |
| PARQUE BOMBEIROS | 22,50 | 24,72 | 2,22 |
| PARQUE MÓBIL | 3,00 | 3,77 | 0,77 |
| PAZO DE RAXOI - ARCHIVO | 11,00 | 14,47 | 3,47 |
| POLICÍA LOCAL | 22,00 | 29,57 | 7,57 |
| PROXECTOS E OBRAS | 12,00 | 14,47 | 2,47 |
| RECADACIÓN (GALERAS) | 8,00 | 9,65 | 1,65 |
| DPT. REXISTRO | 8,00 | 9,65 | 1,65 |
| UMAD (SALGUEIRIÑOS) | 45,00 | 41,59 | - 3,41 |
| PAZO RAXOI URBANISMO | 32,50 | 38,59 | 6,09 |
| OFICINA URBANA S. NORTE | 6,00 | 7,23 | 1,23 |
| PAZO RAXOI AREA NOBLE | 30,00 | 33,39 | 3,39 |
| E.I. SAN ROQUE | 20,00 | 16,86 | - 3,14 |
| ESC. GALIÑA A. TRASPARLAM. | 20,00 | 16,86 | - 3,14 |
| ESC. GALIÑA A. TAMBRE | 20,00 | 16,86 | - 3,14 |
| CERSIA | 24,00 | 20,26 | - 3,74 |
| CENTRO I. AMBIENTAL | 7,50 | | - 7,50 |
| CONC. MEDIO RURAL | 5,00 | 2,78 | - 2,22 |
| EMIGRACIÓN e INMIGRACIÓN | 2,00 | 0,68 | - 1,32 |
| SERVIZOS SOCIAIS | 27,50 | 28,94 | 1,44 |
| CASA ASOCIACIONS B. SOCIAL | 24,00 | 19,29 | - 4,71 |
| ***SUMA ANEXO 1*** | **492,10** | **513,51** | **21,41** |
| **PRORRATA ENCARGADO** | | **531,51** | **39,41** |
| | | | |
| ESTADIO SAN LÁZARO | 89,50 | 93,27 | 3,77 |

CONCELLO DE SANTIAGO

| | | | |
|---|---|---|---|
| PAVILLÓN do RESTOLLAL | 35,00 | 33,71 | - 1,29 |
| PAVILLÓN POL. STA. ISABEL | 70,00 | 72,35 | 2,35 |
| PAVILLÓN POLIDEP. VITE | 35,00 | 36,18 | 1,18 |
| ***SUMA ANEXO 2*** | **229,50** | **235,51** | **6,01** |
| **PRORRATA ENCARGADO** | | **243,75** | **14,25** |
| | | | |
| CSC STA. MARTA | 25,00 | 24,12 | -0,88 |
| C.S.C. A TRISCA | 18,00 | 19,29 | 1,29 |
| C.S.C. CONXO | 19,00 | 21,71 | 2,71 |
| C.S.C. FONTIÑAS | 44,00 | 48,24 | 4,24 |
| C.S.C. DE VITE | 30,00 | 32,16 | 2,16 |
| C.S.C.A GRACIA | 5,00 | 5,789 | 0,79 |
| C.S.C. DE AMIO | 14,50 | 14,47 | -0,03 |
| L.S.C. ENFESTA | 2,00 | 0,71 | -1,29 |
| L.S.C. CESAR | 2,00 | 0,71 | -1,29 |
| L.S.C. LAMASCAL | 4,50 | 2,89 | -1,61 |
| L.S.C. GRIXOA | 3,00 | 0,71 | -2,29 |
| L.S.C. MARANTES | 4,50 | 1,41 | -3,09 |
| L.S.C. MEIXONFRIO | 6,00 | 5,79 | -0,21 |
| L.S.C. NEMENZO | 2,00 | 0,71 | -1,29 |
| L.S.C. A PEREGRINA | 3,00 | 1,93 | -1,07 |
| L.S.C. AS CANCELAS | 2,00 | 1,93 | -0,07 |
| L.S.C. BUSTO | 3,00 | 0,71 | -2,29 |
| L.S.C. GUADALUPE | 3,00 | | -3,00 |
| L.S.C. ALMÁCIGA | 3,00 | 0,97 | -2,03 |
| L.S.C. BANDO | 2,00 | 1,93 | -0,07 |
| L.S.C. CASCO HISTÓRICO | 2,00 | 0,71 | -1,29 |
| L.S.C. De SAR | 3,00 | 1,06 | -1,94 |
| L.S.C. ROMAÑO | 2,00 | 0,97 | -1,03 |
| L.S.C. VERDÍA | 2,00 | 0,71 | -1,29 |
| L.S.C. ARINS | 2,00 | 0,79 | -1,21 |
| L.S.C. SAN LOURENZO | 2,00 | 1,93 | -0,07 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| L.S.C. VISTA ALEGRE | 2,00 | | -2,00 |
| L.S.C. S. XULIÁN de CARBALLAL | 2,00 | 0,35 | -1,65 |
| L.S.C. SAN PEDRO | 3,00 | 2,89 | -0,11 |
| L.S.C. VISO | 1,00 | 0,35 | -0,65 |
| C.S.C. CASTIÑEIRIÑO | 13,50 | 14,47 | 0,97 |
| L.S.C. MARROZOS | 5,00 | 5,79 | 0,79 |
| L.S.C. EIXO-BORNAIS | 3,00 | 2,89 | -0,11 |
| L.S.C. FIGUEIRAS | 3,00 | 4,82 | 1,82 |
| L.S.C. LARAÑO | 3,00 | 3,86 | 0,86 |
| C.S.C. PONTEPEDRIÑA | 3,00 | 3,86 | 0,86 |
| C.S.C. CARDENAL QUIROGA | 2,00 | 1,86 | -0,14 |
| C.S.C. VIDÁN | 3,00 | 1,93 | -1,07 |
| C.S.C. STA. CRISTINA de FECHA | 2,00 | 1,93 | -0,07 |
| C.S.C. A ROCHA | 7,50 | 10,85 | 3,35 |
| C.S.C. VILESTRO | 7,50 | 10,85 | 3,35 |
| C.S.C. O ENSANCHE | 42,00 | 48,24 | 6,24 |
| C.S.C. PELAMIOS | 3,00 | 1,06 | -1,94 |
| C.S.C. LAVACOLLA | 3,00 | 1,06 | -1,94 |
| CASA ASOCIACIONS CORNES | 19,50 | 18,81 | -0,69 |
| CASA DAS AVOAS | 1,00 | 0,33 | -0,67 |
| ***SUMA ANEXO 3*** | **337,50** | **328,55** | **-8,95** |
| **PRORRATA ENCARGADO** | | **340,05** | **2,55** |
| | | | |
| SUMA | **1059,10** | **1115,31** | **56,21** |
| SUMA / ANO | 55.073,20 | 57.996,07 | 2922,87 |
| ESPECIALISTAS | 43,27 | 33,40 | - 9,87 |
| TOTAL HORAS | 1.102,37 | 1.148,71 | 46,34 |
| TOTAL HORAS / ANO | ***57.323,24*** | ***59.732,87*** | ***2409,63*** |

Con todos estes datos, entendemos que se **adecúa as necesidades do servizo**, tendo en conta as siguintes observacións:

1- Excede en **56,21** horas semanais de traballo sobre as que serviron de base para o estudo económico, rebasando en **39,41** horas as estipuladas nas dependencias do Anexo I e **14,25** e **2,55** horas semanais nas dependencias dos Anexos II e III respectivamente.

2- Nas dependencias do ***Anexo I*** compre destacar as seguintes diferencias de horas semanais: exceden en **7,57** horas na Policia Local, **6,54** horas os baixos de Raxoi da Costa do Cristo, **6,09** horas as oficinas de Urbanismo en Raxoi, **5,04** horas os aseos públicos da R/Trinidade, **3,47** horas o Arquivo e **3,39** horas o Área noble do Pazo de Raxoi. Adican menos horas á UMAD nunha cantidade de **3,41** horas, rebaixan **3,14** horas as adicadas as tres Escolas infantís e tamén rebaixan en **3,74** horas as adicadas ao Cersia. Neste Anexo non consideraron o Centro de Interpretación ambiental de Belvís.

3- Na limpeza das dependencias dos ***Anexos II*** (Deportes) e ***III*** (Centros S-C) adican máis horas que as do estudo económico, agás as variacións son mínimas e ningua é sigñificativa.

4- Considera a un traballador especialista como encargado do servizo, coordinando e controlando a correcta realización déles e será o responsable da empresa nos centros de traballo do Concello.

5- Presenta unha distribución detallada para as distintas dependencias, **xustificando e analizando ampliamente** a proposta presentada .

Do exposto, o número de horas semanais tidas en conta para a súa valoración son:

| | ANEXO I | ANEXO II | ANEXO III |
|---|---|---|---|
| ISS FACILITY SERVICES, S.A. | **531,51** | **243,75** | **340,05** |

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos
**Ata 3,5 puntos según PCA**

CADRO DE PUNTUACION

| | |
|---|---|
| ISS FACILITY SERVICES, S.A. | PUNTUACIÓN TOTAL DO APARTADO A |
| | 3,10 puntos |

**B) Actuacións ou aportacións que supoñen unha mellora sobre as especificacións contidas no prego técnico de aplicación (Ata 3,5 puntos)**

Esta empresa presenta no seu apartado 3.6 das páxinas 15 á 17 un total de **8 actuacións**:

1. Bolsa de horas de limpiador de **450 horas**.
2. Bolsa de horas de especialista de **110 horas** para tratamento e recuperación de solos ao inicio do contrato, incluido materiais e productos necesarios..
3. Subministro de colectores de recollida de pilas e baterias, así como a retirada e xestión délas.
4. Servizo de Destrucción confidencial de documentación mediante a contratación de compañías referentes a nivel nacional.
5. Implantación del sistema de limpieza con baietas de microfibra.
6. Compromiso de análise microbiolóxicos, bacteriolóxicos e de partículas en suspensión de xeito trimestral.
7. Aportación dun equipo propio para atención e xestión de emerxencias as 24 horas do día e os 365 días do ano.
8. Ofrecemento dun plan de aforro enexético e boas prácticas mediante a información, formación do persoal e cartelería nos centros que o desee.

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos

**Puntuación máxima PCA, 3,5 puntos**

| | |
|---|---|
| ISS FACILITY SERVICES, S.A. | ACTUACIÓNS OU APORTACIÓNS QUE SUPOÑEN UNHA MELLORA SOBRE AS ESPECIFICACIÓNS CONTIDAS NO PREGO TÉCNICO DE APLICACIÓN |
| | **TOTAL 2,70** |

**C) Enumeración de maquinaria, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará específicamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización dos servizos (Ata 3 puntos).**

A Empresa presenta unha variada gama de maquinaria cunha boa descripción gráfica, modelos, características e número de unidades, que con carácter xeral procedemos a enumerar: aspirador de po (62 unidades), aspirador de auga (5 unidades), rotativas alta/baixa velocidade (2 unidades), fregadora con conductor (3 unidades), sopladoras de follas (3 unidades), eliminador de chicles ( 1 unidade), hidrolimpiadora (3 unidades).
Asimismo presenta un cadro de utilización da anterior maquinaria por tarefa a realizar, tipo e clase de elemento a limpar e frecuencia da operación, asi como a maquinaría e frecuencia das limpezas especiais.
En canto aos útiles e ferramentas sinala para o fregado diario 65 carros de doble cubo e 33 carros grandes de limpeza, así como 21 escadas, 174 sinais de solo mollado e 41 equipos de cristaleiro, especificando claramente o número de unidades que corresponden as dependencias de cada Anexo.
Con respecto as prendas de traballo e seguridade para o persoal adscrito ao servizo, en cumprimento do PCT, adicalle dous subapartados, indicando que dotará de uniforme a todos os seus empregados, masculinos e femininos, así como que obrigará a usar os EPIs que detalla perfectamente no cadro onde se relacionan de xeito gráfico e analítico.
Comprométese ao uso de productos etiquetados coa Flor Ecológica Europea e O Cisne Nórdico que avalan o cumprimento dos criterios ambientais.

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos

**Puntuación máxima PCA ata 3 puntos**

| | |
|---|---|
| ISS FACILITY SERVICES SA | ENUMERACIÓN DE MAQUINARIA, ÚTEIS E FERRAMENTAS (INCLUSO INFORMÁTICAS) QUE O ADXUDICATARIO ADICARÁ ESPECÍFICAMENTE Á EXECUCIÓN DOS TRABALLOS, DETALLANDO CARACTERÍSTICAS E ADICACIÓN DOS MESMOS, E ANALIZANDO A SÚA REPERCUSIÓN SOBRE A OPTIMIZACIÓN DOS SERVIZOS |
| | **TOTAL 3,00** |

CONCELLO DE SANTIAGO

PUNTUACIONS FINAIS DA OFERTA DA EMPRESA ISS FACILITY SERVICES SA

| ISS FACILITY SERVICES S.A. | APARTADO A | MELLORAS | MAQUINARIA ÚTEIS E FARRAMENTAS |
|---|---|---|---|
| | 3,10 puntos | 2,70 puntos | 3,00 puntos |
| TOTAL PUNTOS: 8,80 | | | |

## 1.2 OFERTA PRESENTADA POLA EMPRESA FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA

**A) Número total de horas comprometidas no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución partindo dunha diagnose da situación actual (ata 3,5 puntos)**

**SERVIZO DE LIMPEZA**

A empresa presenta os cadros de distribución de persoal de limpiadoras e especialistas por centros, especificando as horas semanais, as semanas de servizo e o correspondente cómputo anual. Con respecto ao número de horas que comprometen, non podemos considerar aos efectos valorativos as denominadas de "personal común", en concreto **12** horas semanais de administrativo e **8** horas, tamén semanais, de xestor técnico do contrato.

Polo tanto, o número de horas comprometidas e a súa variación con respecto ao número delas do estudo económico, a partires da proposta presentada (páxinas 8 á 12) é a seguinte:

| DEPENDENCIA | | | |
|---|---|---|---|
| | PREGO | ***FERROSER*** | DIFERENCIA |
| BRIG. VIAS E OBRAS | 6,00 | 7,50 | 1,50 |
| ASEOS PÚBLICOS | 16,00 | 26,80 | 10,80 |
| BAIXOS P. RAXOI - INFORMÁTICA | 7,00 | 10,00 | 3,00 |
| BAIXOS P. RAXOI - PERSOAL | 7,00 | 10,00 | 3,00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| BAIXOS P. RAXOI - TRÁFICO | 19,00 | 26,50 | 7,50 |
| PARQUES E XARDÍNS | 4,50 | 7,50 | 3,00 |
| CENTRO OCUP. DE ARÍNS | 15,00 | 17,50 | 2,50 |
| CONCELLO VELLO -Cervantes | 12,00 | 15,00 | 3,00 |
| ESCOLA R. BISPO TEODOMIR | 5,00 | 5,00 | 0,00 |
| ESCOLA R. RIAL-LARAÑO | 5,00 | 5,00 | 0,00 |
| ESCOLA R. GAIOSO EIXO | 5,00 | 5,00 | 0,00 |
| INTERVENCIÓN (GALERAS) | 25,50 | 32,50 | 6,50 |
| LOCALES DE ENSAYO | 1,00 | 1,00 | 0,00 |
| DPT. MEDIOAMBIENTE | 3,10 | 4,20 | 1,10 |
| OFICINA DO CENSO | 4,00 | 5,00 | 1,00 |
| PROT. CIVIL de S.LÁZARO | 7,00 | 10,00 | 3,00 |
| PARQUE BOMBEIROS | 22,50 | 26,80 | 4,30 |
| PARQUE MÓBIL | 3,00 | 3,80 | 0,80 |
| PAZO DE RAXOI - ARCHIVO | 11,00 | 19,50 | 8,50 |
| POLICÍA LOCAL | 22,00 | 30,00 | 8,00 |
| PROXECTOS E OBRAS | 12,00 | 15,00 | 3,00 |
| RECADACIÓN (GALERAS) | 8,00 | 10,00 | 2,00 |
| DPT. REXISTRO | 8,00 | 10,00 | 2,00 |
| UMAD (SALGUEIRIÑOS) | 45,00 | 47,50 | 2,50 |
| PAZO RAXOI URBANISMO | 32,50 | 44,00 | 11,50 |
| OFICINA URBANA S. NORTE | 6,00 | 7,50 | 1,50 |
| PAZO RAXOI AREA NOBLE | 30,00 | 37,50 | 7,50 |
| E.I. SAN ROQUE | 20,00 | 15,00 | -5,00 |
| ESC. GALIÑA A. TRASPARLAM. | 20,00 | 15,00 | -5,00 |
| ESC. GALIÑA A. TAMBRE | 20,00 | 15,00 | -5,00 |
| CERSIA | 24,00 | | -24,00 |
| CENTRO I. AMBIENTAL | 7,50 | | -7,50 |
| CONC. MEDIO RURAL | 5,00 | | -5,00 |
| EMIGRACIÓN e INMIGRACIÓN | 2,00 | | -2,00 |
| SERVIZOS SOCIAIS | 27,50 | 37,50 | 10,00 |
| CASA ASOCIACIONS B. SOCIAL | 24,00 | 30,00 | 6,00 |
| ***SUMA ANEXO 1*** | **492,10** | **552,60** | **60,50** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **569,10** | **77,00** |
| | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ESTADIO SAN LÁZARO | 89,50 | 108,00 | 18,50 |
| PAVILLÓN do RESTOLLAL | 35,00 | 39,00 | 4,00 |
| PAVILLÓN POL. STA. ISABEL | 70,00 | 75,00 | 5,00 |
| PAVILLÓN POLIDEP. VITE | 35,00 | 37,50 | 2,50 |
| ***SUMA ANEXO 2*** | **229,50** | **259,50** | **30,00** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **267,25** | **37,75** |
| | | | |
| CSC STA. MARTA | 25,00 | | -25,00 |
| C.S.C. A TRISCA | 18,00 | 19,38 | 1,38 |
| C.S.C. CONXO | 19,00 | 23,08 | 4,08 |
| C.S.C. FONTIÑAS | 44,00 | 52,00 | 8,00 |
| C.S.C. DE VITE | 30,00 | 30,83 | 0,83 |
| C.S.C.A GRACIA | 5,00 | 5,54 | 0,54 |
| C.S.C. DE AMIO | 14,50 | 16,15 | 1,65 |
| L.S.C. ENFESTA | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. CESAR | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. LAMASCAL | 4,50 | 4,15 | -0,35 |
| L.S.C. GRIXOA | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| L.S.C. MARANTES | 4,50 | 4,15 | -0,35 |
| L.S.C. MEIXONFRIO | 6,00 | 5,54 | -0,46 |
| L.S.C. NEMENZO | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. A PEREGRINA | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| L.S.C. AS CANCELAS | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. BUSTO | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| L.S.C. GUADALUPE | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| L.S.C. ALMÁCIGA | 3,00 | 3,69 | 0,69 |
| L.S.C. BANDO | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. CASCO HISTÓRICO | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. De SAR | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| L.S.C. ROMAÑO | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. VERDÍA | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. ARINS | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. SAN LOURENZO | 2,00 | 2,77 | 0,77 |
| L.S.C. VISTA ALEGRE | 2,00 | 1,85 | -0,15 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| L.S.C. S. XULIÁN de CARBALLAL | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| L.S.C. SAN PEDRO | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| L.S.C. VISO | 1,00 | 0,92 | -0,08 |
| C.S.C. CASTIÑEIRIÑO | 13,50 | 13,85 | 0,35 |
| L.S.C. MARROZOS | 5,00 | 5,54 | 0,54 |
| L.S.C. EIXO-BORNAIS | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| L.S.C. FIGUEIRAS | 3,00 | 3,69 | 0,69 |
| L.S.C. LARAÑO | 3,00 | 3,69 | 0,69 |
| C.S.C. PONTEPEDRIÑA | 3,00 | 3,69 | 0,69 |
| C.S.C. CARDENAL QUIROGA | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| C.S.C. VIDÁN | 3,00 | 2,77 | -0,23 |
| C.S.C. STA. CRISTINA de FECHA | 2,00 | 1,85 | -0,15 |
| C.S.C. A ROCHA | 7,50 | 9,23 | 1,73 |
| C.S.C. VILESTRO | 7,50 | 9,23 | 1,73 |
| C.S.C. O ENSANCHE | 42,00 | 46,15 | 4,15 |
| C.S.C. PELAMIOS | 3,00 | 3,00 | 0,00 |
| C.S.C. LAVACOLLA | 3,00 | 3,00 | 0,00 |
| CASA ASOCIACIONS CORNES | 19,50 | 32,31 | 12,81 |
| CASA DAS AVOAS | 1,00 | 1,00 | 0,00 |
| ***SUMA ANEXO 3*** | ***337,50*** | **348,76** | **11,26** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **359,15** | **21,65** |
| | | | |
| SUMA | **1059,10** | **1195,50** | **136,40** |
| SUMA / ANO | 55.073,20 | 62.166,00 | 7.092,80 |
| ESPECIALISTAS | 43,27 | 28,54 | -14,73 |
| ENCARGADO | | 34,62 | 34,62 |
| TOTAL HORAS | 1.102,37 | 1.224,04 | 121,67 |
| TOTAL HORAS / ANO | ***57.323,24*** | ***63.650,08*** | ***6.326,84*** |

Con todos estes datos, entendemos que se **adecúa as necesidades do servizo**, tendo en conta as siguintes observacións:

1- Na relación de dependencias dos diversos anexos, sinala a duas (2) do anexo I, a controlar polo departamento de Contratación, como integrantes do anexo III, dependentes de Centros SC. Son as dependencias de Benestar social de Galeras e o CABES.

2- Non considera a limpeza das seguintes dependencias: CERSIA, Centro de Interpretación ambiental, Concellaría de Medio rural, oficiñas de Emigración e Inmigración e o Centro SC de Santa Marta.

3- Excede en **136,40** horas semanais de traballo sobre as que serviron de base para o estudo económico, rebasando en **77** horas as estipuladas nas dependencias do Anexo I e **33,75** e **21,65** horas semanais nas dependencias dos Anexos II e III respectivamente.

4- Nas dependencias do ***Anexo I*** compre destacar as seguintes diferencias de horas semanais: exceden en **11,50** horas nas oficiñas de Urbanismo de Raxoi, **10,80** horas os aseos públicos da R/Trinidade, **8,50** horas o Arquivo, **8** horas as dependencias da Policia Local, **7,50** horas os baixos de Raxoi da Costa do Cristo (Secretaría e Tráfico) e a Área noble do Pazo de Raxoi., **6,50** horas para Intervención e en **6** horas para o CABES. Adican 5 horas menos as tres escolas infantís, san Roque, Tras Parlamento e a do Tambre.

5- Na limpeza das dependencias do ***Anexo II*** (Deportes) comprometen máis horas que as do estudo económico, especialmente as do Estadio San Lázaro que ve incrementada su frecuencia de limpeza en **18,50** horas semanais.

6- No Anexo III a variación de horas é pouco significativa, agás as comprometidas para o CSC de Fontiñas cun exceso de **8** horas, a Casa das Asociacións de Cornes con **12,81** horas e **4** horas semanais a maiores nos centros SC de Conxo e do Ensanche.

7- Presenta unha distribución detallada para as distintas dependencias, **xustificando e analizando** a proposta presentada, agás non recolle o tempo que adica para a limpeza dos Centros SC na época das vacacións.

Do exposto, o número de horas semanais tidas en conta para a súa valoración son:

| FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | ANEXO I | ANEXO II | ANEXO III |
|---|---|---|---|
| | **569,10** | **267,25** | **359,15** |

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos

**Ata 3,5 puntos máximo según PCA**

| FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | PUNTUACIÓN TOTAL DO APARTADO A |
|---|---|
| | **2,60 puntos** |

**B) Actuacións ou aportacións que supoñen unha mellora sobre as especificacións contidas no prego técnico de aplicación ( ata 3,5 puntos)**

Esta empresa presenta no seu apartado 1.3 das páxinas 12 á 18 un total de **24 actuacións**:

1. Equipo de urxencia formado por 2 especialistas e 4 limpiadoras/es con medios precisos e capacidade de resposta de 30 minutos.
2. Instalación e mantemento de dispensadores de xabrón e papel hixiénico nos aseos das dependencias. Ademais sustituirá por avaria ou deterioro os dispensadores de toallas secamáns.
3. Sistemas de comunicación permanentes mediante Blackberry do encargado do servizo e provisión de 2 teléfonos móviles para os especialistas.
4. Equipos de comunicación mediante sistemas informáticos e de telefonía móvil para o xestor na súa relación co encargado e co Concello.
5. Enfundador de parauguas, colocación na entrada de edificios (6 unidades).
6. Reposición de escobillas dos aseos.
7. Incremento das frecuencias sobre as tarefas mínimas esixidas no Prego no relativo ao fregado de solos e limpeza de cristais.
8. Estudo das cargas de traballo para incremento da productividade.
9. Dosificación automática dos productos de limpeza.

10. Aportación de maquinaria en caso de necesidade no almacén da empresa.
11. "Gestor del contrato en contacto con la propiedad ".
12. Sistemas reach & wash (pértiga hidrófuga).
13. Servizo de atención de 24 horas.
14. Avaliación dos postos de traballo.
15. Sistema de control continuo do estado da limpeza.
16. capacidade de compra
17. Oficina na Coruña e Vigo.
18. Oficina Técnica central.
19. Asistencia técnica e administrativa.
20. Cursos de formación.
21. Medidas de eficiencia enerxética e ambientais.
22. Implantación del sistema auditado de Prevención de riesgos.
23. Implantación del sistema de calidad ISO-9001 e xestión medioambiental ISO-14.001
24. Póliza de responsabilidade civil, por un importe 6.000.000 €

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos

**Ata 3,50 puntos como máximo según PCA**

| | |
|---|---|
| FERROSER SERVICIOS AUXIILIARES SA | ACTUACIÓNS OU APORTACIÓNS QUE SUPONEN UNHA MELLORA SOBRE AS ESPECIFICACIÓNS CONTIDAS NO PREGO TÉCNICO DE APLICACIÓN |
| | **2,80 puntos** |

**C) Enumeración de maquinaria, úteis e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará específicamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización dos servizos (Ata 3 puntos)**

A empresa presenta:

1. Un cadro coa **maquinaria e úteis** por centro, na que inclúen **a** relación de maquinaria e úteis de limpeza, indicando cantidade total, elementos, utilización e ilustración gráfica. Con carácter xeral propoñen: aspirador de pó (50 unidades), carros doble cubo (37 unidades), carros de un cubo (37 unidades), sinais de piso húmido (200 unidades), escadas (50 unidades), fregadoras industriais (según necesidade), gamuzas de microfibra (según necesidade), scoch brite (según

necesidade), bolsas de lixo (según necesidade), discos para rotativa (según necesidade), basoiras, recolledores (según necesidade), baetas (según necesidade), entre outras.

2. Un cadro **"Maquinaria y útiles comunes"** de limpeza para os centros a dispor no almacén FERROSER, indicando cantidade, elemento, utilización e ilustración gráfica. Inclúen: cortasetos (1 unidade), desbrozadora (1 unidade), soplador de follas (1 unidade), barredoras (2 unidades), fregadora-secadora (2 unidades), rotativa universal (2 unidades), rotativa abrillantadora de alta velocidade (2 unidades), aspirador de pó (5 unidades), hidrolimpadora (2 unidade), limpadora inxección (1 unidade), máquina de vapor de auga (1 unidade), fregadoras con conductor ( 2 unidades), sistemas de limpeza de cristais reach & wash (1 unidade), cinturóns e arneses de seguridade (4 unidades), equipos de cristaleiros (4 unidades).
   Neste mesmo apartado, indica os **produtos** que serán asumidos pola empresa, relación, tipoloxía, detallando a súa composición, aplicación e usos. Tamén indica que "todos los productos propuestos por Ferroser cumplen con todas las Normas de salubridad y Toxicidad".

   Con respecto as **prendas de traballo** e seguridade para o persoal adscrito ao servizo, en cumprimento do PCT, adícalle un subapartado " uniformidad e identificación del personal", indicando que dotará de uniforme a todos os seus empregados, masculinos e femininos, con unha tarxeta identificativa.

   Respecto aos **sistemas informáticos** sinalan que porán a dispor do encargado do servizo un ordenador persoal, indicando as súas características técnicas.
   Na relación de maquinaria e úteis, recolle un vehículo modelo Citroën Jumpy para os desprazamentos do persoal, reparto de material e posibles incidencias nos centros.

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

Ata 3 puntos , según PCA

| | |
|---|---|
| FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | ENUMERACIÓN DE MAQUINARIA, ÚTILES E FERRAMENTAS (INCLUSO INFORMÁTICAS) QUE O ADXUDICATARIO ADICARÁ ESPECÍFICAMENTE Á EXECUCIÓN DOS TRABALLOS, DETALLANDO CARACTERÍSTICAS E ADICACIÓN DOS MESMOS, E ANALIZANDO A SÚA REPERCUSIÓN SOBRE A OPTIMIZACIÓN DOS SERVIZOS |
| | **2,60 puntos** |

## PUNTUACIONS FINAIS DA OFERTA DA EMPRESA FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA

| FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | APARTADO A | MELLORAS | MAQUINARIA UTEIS E FARRAMENTAS |
|---|---|---|---|
| | 2,60 puntos | 2,80 puntos | 2,60 puntos |
| TOTAL PUN TOS: 8,00 | | | |

## 1.3 OFERTA PRESENTADA POR LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU

**A) Número total de horas comprometidas no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución partindo dunha diagnose da situación actual. ( Ata 3,5 puntos)**

A empresa presenta un cadro comparativo das horas comprometidas por dependencia cos respecto as que se viñan realizando, outro cadro no que sinala as dependencias e o persoal adicado co seu cómputo horario semanal, e mensual na época estival, e outro cadro máis detallado no que especifica as xornadas diarias de limpeza por dependencia e operador. Neste apartado non consideramos a bolsa de 2.000 horas anuais, xa que esta non inflúe na proposta de organización do servizo.

Polo tanto, o número de horas comprometidas e a súa variación con respecto ao número délas do estudo económico, a partires da proposta presentada (páxinas 3 á 14) é a seguinte:

| DEPENDENCIA | - | | |
|---|---|---|---|
| | PREGO | ***LINORSA*** | DIFERENCIA |
| BRIG. VIAS E OBRAS | 6,00 | 7,00 | 1,00 |
| ASEOS PÚBLICOS | 16,00 | 26,80 | 10,80 |
| BAIXOS P. RAXOI - INFORMÁTICA | 7,00 | 17,50 | 10,50 |
| BAIXOS P. RAXOI - PERSOAL | 7,00 | | - 7,00 |
| BAIXOS P. RAXOI - TRÁFICO | 19,00 | 25,00 | 6,00 |
| PARQUES E XARDÍNS | 4,50 | 7,00 | 2,50 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CONCELLO VELLO -Cervantes | 12,00 | 12,50 | 0,50 |
| INTERVENCIÓN (GALERAS) | 25,50 | 25,00 | - 0,50 |
| DPT. MEDIOAMBIENTE | 3,10 | 4,20 | 1,10 |
| OFICINA DO CENSO | 4,00 | 5,00 | 1,00 |
| PROT. CIVIL de S.LÁZARO | 7,00 | 10,00 | 3,00 |
| PARQUE BOMBEIROS | 22,50 | 25,00 | 2,50 |
| PARQUE MÓBIL | 3,00 | 3,80 | 0,80 |
| PAZO DE RAXOI - ARCHIVO | 11,00 | 17,50 | 6,50 |
| POLICÍA LOCAL | 22,00 | 27,50 | 5,50 |
| PROXECTOS E OBRAS | 12,00 | 12,50 | 0,50 |
| RECADACIÓN (GALERAS) | 8,00 | 15,00 | 7,00 |
| DPT. REXISTRO | 8,00 | 15,00 | 7,00 |
| PAZO RAXOI URBANISMO | 32,50 | 40,00 | 7,50 |
| OFICINA URBANA S. NORTE | 6,00 | 7,00 | 1,00 |
| PAZO RAXOI AREA NOBLE | 30,00 | 35,00 | 5,00 |
| CERSIA | 24,00 | 12,50 | - 11,50 |
| CENTRO I. AMBIENTAL | 7,50 | 7,00 | - 0,50 |
| CONC. MEDIO RURAL | 5,00 | 7,50 | 2,50 |
| EMIGRACIÓN e INMIGRACIÓN | 2,00 | 1,50 | - 0,50 |
| SERVIZOS SOCIAIS | 27,50 | 35,00 | 7,50 |
| CASA ASOCIACIONS B. SOCIAL | 24,00 | 27,50 | 3,50 |
| ***SUMA ANEXO 1*** | **492,10** | **565,30** | **73,20** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **583,90** | **91,80** |
| | | | |
| ***SUMA ANEXO 2*** | **229,50** | **229,50** | **0,00** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **237,10** | **7,60** |
| | | | |
| CSC STA. MARTA | 25,00 | 20,00 | - 5,00 |
| C.S.C. A TRISCA | 18,00 | 21,00 | 3,00 |
| C.S.C. CONXO | 19,00 | 20,00 | 1,00 |
| C.S.C.A GRACIA | 5,00 | 6,00 | 1,00 |
| C.S.C. DE AMIO | 14,50 | 15,00 | 0,50 |
| L.S.C. MEIXONFRIO | 6,00 | 5,00 | - 1,00 |
| L.S.C. ALMÁCIGA | 3,00 | 5,00 | 2,00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| L.S.C. SAN LOURENZO | 2,00 | 3,00 | 1,00 |
| L.S.C. FIGUEIRAS | 3,00 | 4,00 | 1,00 |
| L.S.C. LARAÑO | 3,00 | 4,00 | 1,00 |
| C.S.C. PONTEPEDRIÑA | 3,00 | 4,00 | 1,00 |
| ***SUMA ANEXO 3*** | ***337,50*** | **343,00** | **5,50** |
| PRORRATA ENCARGADO | | ***354,30*** | ***16,80*** |
| | | | |
| SUMA | **1.059,10** | **1.175,30** | **116,20** |
| SUMA / ANO | 55.073,20 | 61.115,60 | 6.042,40 |
| ESPECIALISTAS | 43,27 | 75,00 | 31,73 |
| ENCARGADO | | 37,50 | |
| TOTAL HORAS | 1.102,37 | 1.250,30 | 147,93 |
| TOTAL HORAS / ANO | ***57.323,24*** | ***65.015,60*** | ***7.692,36*** |

Con todos estes datos, entendemos que se **adecúa as necesidades do servizo**, tendo en conta as siguintes observacións:

1- Excede en **116,20** horas semanais de traballo sobre as que serviron de base para o estudo económico, rebasando en **91,80** horas as estipuladas nas dependencias do Anexo I e **7,60** e **16,80** horas semanais nas dependencias dos Anexos II e III respectivamente.

2- Nas dependencias do ***Anexo I*** compre destacar as seguintes diferencias de horas semanais: exceden en **10,80** horas os aseos públicos da R/Trinidade, en **7,50** horas as oficinas de Urbanismo en Raxoi e Benestar Social de Galeras, en **7,00** horas as oficiñas de Recadación e Rexistro, en **6** horas os baixos de Raxoi da Costa do Cristo (secretaría e Tráfico), en **6,50** horas o Arquivo, en **5,50** horas na Policia Local, **6,54** horas os baixos de Raxoi da Costa do Cristo, , **6,50** horas o Arquivo e en **5,00** horas o Área noble do Pazo de Raxoi. Pola contra comprometen menos horas á limpeza do CERSIA, **11,50** horas menos, rebaixa sensible, superior ao 50% do estudo base.

3- Nas dependencias dos ***Anexos II e III*** non se atopan diferencias significativas.

4- Presenta unha distribución claramente detallada para as diversas dependencias, **xustificando e analizando pormenorizadamente a** proposta presentada.

Do exposto, o número de horas semanais tidas en conta para a súa valoración son:

| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | ANEXO I | ANEXO II | ANEXO III |
|---|---|---|---|
| | **583,90** | **237,10** | **354.30** |

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

**Valoración máxima ata 3,5 puntos según PCA**

| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | PUNTUACIÓN TOTAL NO APARTADO A |
|---|---|
| | **3,30** |

**B) Actuacións ou aportacións que supoñen unha mellora sobre as especificacións contidas no prego técnico de aplicación (ata 3,5 puntos)**

Esta empresa presenta no seu apartado 1.23 das páxinas 32 á 34 un total de **26 actuacións**:

1. Control y gestión de la calidad del servicio (Delegado de zona).
2. Bolsa de dinero ( **5.000** euros).
3. Bolsa de horas gratuita ( **2.000** horas/ano)
4. Instalación y mantenimiento de un control de presencia.
5. Pequeño mantenimiento de jardines.
6. Mejora en las frecuencias.
7. Dotación de jabón espuma en los aseos
8. Dotación de secadores de manos (**100** unidades)
9. Bacteriostáticos y ambientadores en aseos masculinos ( **50** unidades)
10. Ambientadores en aseos femeninos ( **50** unidades)
11. Contenedores higiénicos en aseos femeninos
12. Servicio DDD mensual

13. Sistema microfibra.
14. Destructoras de papel (**15** ud)
15. Lavado y planchado de banderas con frecuencia anual.
16. Limpieza de pintadas y grafittis
17. Equipo de emergencia 24 horas
18. Analítica anual de detección de legionella.
19. Gestión de residuos generados.
20. mantenimiento de los dispensadores de papel y jabón.
21. Plan de ahorro enérgetico
22. Dotación de dos (**2**) vehículos industriales.
23. Dotación de un (**1**) vehículo para emergencias
24. Certificados de calidad y gastión medioambiental
25. Póliza de responsabilidad civil (**6 millones** de euros)
26. Delegación propia (A Coruña)

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

**Ata 3,5 puntos máximo según PCA**

| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | ACTUACIÓNS OU APORTACIÓNS QUE SUPONEN UNHA MELLORA SOBRE AS ESPECIFICACIÓNS CONTIDAS NO PREGO TÉCNICO DE APLICACIÓN |
|---|---|
| | **2,90** |

**C) Enumeración de maquinaria, úteis e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará específicamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización dos servizos (Ata 3 puntos)**

A empresa presenta:

1. Un cadro xeral **"Maquinaria ofertada"** coa maquinaria e útiles ofertada globalmente, na que indican o número de elementos, marca, modelo e irepresentación gráfica. Con carácter xeral propoñen: aspirador de pó (97 unidades), carros doble cubo (1 ud por limpiadora), carros completos de tres bandejas (1 por limpiadora), aspiradores de pó e auga (43 unidades), aspiradores de mochila (17 unidades), rotativa universal (6 unidades), rotativa abrillantadora de alta velocidade (6 unidades), hidrolimpadora (6 unidade), limpadora inxección (4 unidades),

máquina de vapor de auga (6 unidade), fregadoras automáticas ( 6 unidades), aspiardores de follas (17 unidades), sistemas de limpeza de cristais con pértiga (1 unidade), e plataforma elevadora

2. Un cadro **"Descripción de la maquinaria ofertada"** indicando que tipo de maquinaria usará en función dol elemento ou mobiliario a limpar , explicando de seguido de xeito pormenorizado as características desa limpeza.

3. Oferta tamén dous (2) vehículos renault Kangoo eléctricos, para o encargado e especialistas e un Renault Traffic eléctrica para un servizo de emerxencias.

4. Noutro apartado, indica **os produtos** que serán asumidos pola empresa, relación, tipoloxía, detallando a súa composición, aplicación e usos. Tamén indica que "utilizará como mínimo el 99% de los productos con la etiqueta medioambiental". Los productos a utilizar disponen de las ecoetiquetas "Flor Europea" y " Cisne Nórdico".

Respecto aos **sistemas informáticos** sinalan que aplicarán un programa específica para este contrato, un Software de control de presencias físicas e traballos realizados e pendentes, mediante o control do persoal, o seguemento da execución do servizo e avaliación da calidade do traballo.

| | |
|---|---|
| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SA | ENUMERACIÓN DE MAQUINARIA, ÚTILES E FERRAMENTAS (INCLUSO INFORMÁTICAS) QUE O ADXUDICATARIO ADICARÁ ESPECÍFICAMENTE Á EXECUCIÓN DOS TRABALLOS, DETALLANDO CARACTERÍSTICAS E ADICACIÓN DOS MESMOS, E ANALIZANDO A SÚA REPERCUSIÓN SOBRE A OPTIMIZACIÓN DOS SERVIZOS |
| | **2,30 puntos** |

CONCELLO DE SANTIAGO

## PUNTUACIONS FINAIS DA OFERTA DA EMPRESA LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU

| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | APARTADO A | MELLORAS | MAQUINARIA ÚTEIS E FARRAMENTAS |
|---|---|---|---|
| | 3,30 puntos | 2,90 Puntos | 2,30 puntos |
| TOTAL PUNTOS: 8,50 | | | |

## 1.4 OFERTA PRESENTADA POR CLECE SA

**A) Número total de horas que comprometan no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución partindo dunha diagnose da situación actual ( Ata 3,5 puntos).**

A empresa presenta un cadro xeral de tódalas dependencias no que sinala a categoría profesional do persoal a utilizar e as horas semanais empregadas. Presenta outro cadro xeral por dependencia no que especifica as horas semanais e o número de traballadores necesarios. Describe a categoría profesional do persoal utilizado, o seu horario diario e os días de traballo por semana.

Con respecto ao número de horas comprometidas ( páxinas sen numerar) especifícase de seguido o cadro no que se relacionan as dependencias que presentan variación de horas coas que serviron de base ao estudo económico.

| DEPENDENCIA | - | | |
|---|---|---|---|
| | PREGO | **CLECE** | DIFERENCIA |
| BAIXOS P. RAXOI - INFORMÁTICA | 7,00 | 3,50 | - 3,50 |
| BAIXOS P. RAXOI - PERSOAL | 7,00 | 3,50 | - 3,50 |
| LOCALES DE ENSAYO | 1,00 | 5,00 | 4,00 |
| DPT. MEDIOAMBIENTE | 3,10 | 3,00 | - 0,10 |
| RECADACIÓN (GALERAS) | 8,00 | 10,00 | 2,00 |
| DPT. REXISTRO | 8,00 | 12,00 | 4,00 |

CONCELLO DE SANTIAGO

| | | | |
|---|---|---|---|
| UMAD (SALGUEIRIÑOS) | 45,00 | 45,00 | - |
| PAZO RAXOI URBANISMO | 32,50 | 33,00 | 0,50 |
| CERSIA | 24,00 | 15,00 | - 9,00 |
| CENTRO I. AMBIENTAL | 7,50 | 5,00 | - 2,50 |
| CASA ASOCIACIONS B. SOCIAL | 24,00 | 22,50 | - 1,50 |
| ***SUMA ANEXO 1*** | **492,10** | **482,50** | **- 9,60** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **500,20** | **8,10** |
| | | | |
| ESTADIO SAN LÁZARO | 89,50 | 91,50 | 2,00 |
| PAVILLÓN POL. STA. ISABEL | 70,00 | 71,00 | 1,00 |
| ***SUMA ANEXO 2*** | **229,50** | **232,50** | **3,00** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **241,00** | **11,50** |
| | | | |
| CSC STA. MARTA | 25,00 | 6,00 | -19,00 |
| C.S.C. FONTIÑAS | 44,00 | 37,50 | -6,50 |
| L.S.C. LAMASCAL | 4,50 | 2,50 | -2,00 |
| L.S.C. GUADALUPE | 3,00 | 2,00 | -1,00 |
| L.S.C. ALMÁCIGA | 3,00 | | -3,00 |
| L.S.C. FIGUEIRAS | 3,00 | 4,00 | 1,00 |
| L.S.C. LARAÑO | 3,00 | 3,00 | 0,00 |
| C.S.C. PONTEPEDRIÑA | 3,00 | 3,00 | 0,00 |
| C.S.C. CARDENAL QUIROGA | 2,00 | 2,00 | 0,00 |
| C.S.C. VIDÁN | 3,00 | 3,00 | 0,00 |
| C.S.C. STA. CRISTINA de FECHA | 2,00 | 2,00 | 0,00 |
| C.S.C. A ROCHA | 7,50 | 7,50 | 0,00 |
| C.S.C. VILESTRO | 7,50 | 7,50 | 0,00 |
| C.S.C. O ENSANCHE | 42,00 | 42,00 | 0,00 |
| C.S.C. PELAMIOS | 3,00 | 3,00 | 0,00 |
| C.S.C. LAVACOLLA | 3,00 | 3,00 | 0,00 |
| CASA ASOCIACIONS CORNES | 19,50 | 19,50 | 0,00 |
| CASA DAS AVOAS | 1,00 | 1,00 | 0,00 |
| ***SUMA ANEXO 3*** | ***337,50*** | ***307,00*** | **-30,50** |
| PRORRATA ENCARGADO | | ***318,30*** | **- 19,20** |
| | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| SUMA | **1059,10** | **1059,50** | **0,40** |
| SUMA / ANO | 55.073,20 | 55.094,00 | 20,80 |
| ESPECIALISTAS | 43,27 | 70,00 | 26,73 |
| ENCARGADO | | 37,50 | |
| TOTAL HORAS | 1.102,37 | 1.129,50 | 27,13 |
| TOTAL HORAS / ANO | ***57.323,24*** | ***58.734,00*** | ***1.410,76*** |

Con todos estes datos, entendemos que se **adecúa as necesidades do servizo**, tendo en conta as siguintes observacións:

1- Compromete globalmente as mesmas horas do estudo Base xa que somentes excede en **0,40** horas semanais as 1.059 inicias.

2- O máis saliantable no ***Anexo I*** é a reducción de **9** horas semanais na limpeza do CERSIA, así como as **3** horas menos das adicadas ás oficinas de Persoal e de Informática. Pola contra, amplía en **4** horas semanais a limpeza dos locais de ensaio de san Lázaro e as dependencias do Rexistro.

3- No ***Anexo II*** compromete máis horas para a limpeza das catro (4) Instalacións deportivas, en total **11,50** horas, especialmente no Estadio de san Lázaro e no Pavillón de santa Isabel.

4- No ***Anexo III*** reduce significativamente o trempo adicado á limpeza do Centro SC de santa Marta en **19** horas (máis do 75%), e rebaixa o tempo de limpeza do Centro SC de Fontiñas en **6,50** horas semanais.

5- Presenta unha distribución detallada para as distintas dependencias, **xustificando e analizando** a proposta presentada, que coincide co estudo base económico coas observacións arriba expostas

Do exposto, o número de horas semanais tidas en conta para a súa valoración son:

| CLECE SA | ANEXO I | ANEXO II | ANEXO III |
|---|---|---|---|
| | **500,20** | **241,00** | **318,30** |

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

**Valoración máxima ata 3,5 puntos según PCA**

| CLECE SA | **PUNTUACIÓN TOTAL NO APARTADO A** |
|---|---|
| | **2,65** |

**B) Actuacións ou aportacións que supoñen unha mellora sobre as especificacións contidas no prego técnico de aplicación (ata 3,5 puntos).**

A empresa no seu apartado "mejoras" recolle un total de **25 aportacións** e actuacións:

1. Dotación de alfombras antideslizantes nas entradas principais dos centros ( **15** unidades).
2. Aportación de enfundadores de paraugas automático para as entradas elexidas (**15** unidades)
3. Tratamento especial anti-ácaros nas instalacións obxecto do contrato.
4. Limpeza de fachadas e tratamento antigraffiti.
5. Tratamento anual de desinfeción e hixienización de aseos.
6. Colectores de recollida selectiva de residuos e de papel.
7. Revisión, limpeza e desinfeción de difusores e rexillas de duchas.
8. Instalación de economizadores de auga nas duchas e billas de todos os centros.
9. Aportación de colectores hixiénicos automáticos.
10. Aportación de tres (**3**) vehículos a disposición del servicio.
11. Aportación dunha máquina hixienizadora/esterilizadora para a limpeza dos ordenadores.
12. Tratamento do chan plástico con deterxente estático con frecuencia anual.
13. Aplicación "Método de los tres colores".
14. Bolsa de horas a petición do Concello (**1.000 horas**).
15. Follas de control de desperfectos.

16. Realización de auditorias de calidade interna.
17. Auditoría de eficiencia enerxética.
18. Realización de auditorias externas.
19. Controis de contaminación biolóxica ATP.
20. Póliza de responsabilidade civil, 30.000.000 € por sinistro
21. Realización de limpeza quita-chicles con máquina específica.
22. Realización de limpiezas especiales después de eventos.
23. Aportación de produtos absorbentes de triple acción anti-derrame en pavimentos.
24. Oficinas na zona para a xestión do servizo.
25. Aportación de sal para exteriores en dias de hielo o nieve.

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos

**Ata un máximo de 3,5 puntos,según PCA**

| | |
|---|---|
| CLECE SA | ACTUACIÓNS OU APORTACIÓNS QUE SUPOÑEN UNHA MELLORA SOBRE AS ESPECIFICACIÓNS CONTIDAS NO PREGO TÉCNICO DE APLICACIÓN |
| | **3,50** |

**C) Enumeración de maquinaria, úteis e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará específicamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización dos servizos. (Ata 3 puntos).**

A empresa presenta 2 cadros , un xeral para aplicar a tódolos centros e outro cadro coa maquinaria común para todos eles. En cada un destes cadros recolle: operario, zona de limpeza, maquinaria, úteis e ferramentas que se van a utilizar, unidades por limpadora e descrición do uso.

Completa este apartado coa:

- Relación de **maquinaria**, especificando marcas, modelos, características, imaxe e uso que se lle da. Con caracter xeral, esta empresa propón: aspiradores (9 unidades), limpiadoras de alta presión (8 unidades), maquinas rotativas (8 unidades), equipos limpa-moquetas (2 unidades), plataformas elevadoras (1 unidade), maquinas de desinfección (1 unidade), máquinas hixienizadoras-esterilizadoras para a limpeza de ordenadores (2 unidades), sistemas de limpeza

especial para cristais (1 unidade), limpeza cristais zona alta con pértiga, sopladoras (2 unidades), máquinas de vapor industrial (1 unidade).

- **Úteis e ferramentas**, recolle a relación deles, indicando modelos, características e imaxe, carros de limpieza dobre cubo e de dobre mopa, equipos de cristaleiro, escadas, e andamios móbiles. Indica ademais a relación de consumibles hixiénicos a aportar pola empresa, sen coste para o servizo (bolsas, papel hixiénico, xabrón, crema de mans e "toallitas").

Neste mesmo apartado, indica que os **produtos de limpeza** que se usarán na limpeza dos centros serán portadores da "ecoetiqueta".

Respecto as **prendas de traballo e seguridade** para o persoal ao servizo, en cumprimento do PCT, propoñen un vestiario feminino e outro masculino, e un especial para inverno.

Esta empresa propón como aplicación **informática** un "sistema integral informático", con clave de acceso do persoal do Concello no que se poderá facer un seguemento da prestación do servizo, describindo amplamente as prestacións deste dispositivo. Ademais, comprométese a aportación de vehículos eléctricos, sen especificar o seu número, para a prestación do servizo.

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

**Ata un máximo de 3 puntos según PCA**

| | |
|---|---|
| CLECE SA | ENUMERACIÓN DE MAQUINARIA, ÚTEIS E FERRAMENTAS (INCLUSO INFORMÁTICAS) QUE O ADXUDICATARIO ADICARÁ ESPECÍFICAMENTE Á EXECUCIÓN DOS TRABALLOS. DETALLANDO CARACTERÍSTICAS E ADICACIÓN DOS MESMOS, E ANALIZANDO A SÚA REPERCUSIÓN SOBRE A OPTIMIZACIÓN DOS SERVIZOS |
| | **2,20** |

**PUNTUACIONS FINAIS DA OFERTA DA EMPRESA CLECE SA**

| CLECE SA | APARTADO A | MELLORAS | MAQUINARIA ÚTEIS E FERRAMENTAS |
|---|---|---|---|
| | 2,65 puntos | 3,50 Puntos | 2,20 puntos |
| TOTAL PUNTOS: 8,35 | | | |

CONCELLO DE SANTIAGO

## 1.5 OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL, S.L)

**A) Número total de horas que comprometan no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución partindo dunha diagnose da situación actual ( Ata 3,5 puntos).**

A empresa presenta un único cadro xeral cos centros incluídos no contrato, as horas semanais comprometidas e unha explicación sobre o persoal adicado ao centro ou sobre o tipo de elemento e a súa composición para definir o modo de limpeza. Describe detalladamente o persoal de apoio ao contrato coas horas semanais empregadas e as súas funcións.

Con respecto o número total de horas que presenta nas páxinas 8 e 9 da proposta) facemos o cadro:

| DEPENDENCIA | | | |
|---|---|---|---|
| | PREGO | ***SAMYL*** | DIFERENCIA |
| BAIXOS P. RAXOI - TRÁFICO | 19,00 | 17,50 | - 1,50 |
| CENTRO OCUP. DE ARÍNS | 15,00 | 13,75 | - 1,25 |
| INTERVENCIÓN (GALERAS) | 25,50 | 25,00 | - 0,50 |
| LOCALES DE ENSAYO | 1,00 | 0,00 | - 1,00 |
| PROT. CIVIL de S.LÁZARO | 7,00 | 6,25 | - 0,75 |
| PARQUE BOMBEIROS | 22,50 | 22,50 | - |
| RECADACIÓN (GALERAS) | 8,00 | 7,50 | - 0,50 |
| DPT. REXISTRO | 8,00 | 7,50 | - 0,50 |
| SERVIZOS SOCIAIS | 27,50 | 25,00 | - 2,50 |
| ***SUMA ANEXO 1*** | **492,10** | **483,60** | **-8,50** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **501,00** | **8,90** |
| | | | |
| ***SUMA ANEXO 2*** | **229,50** | **229,50** | **0,00** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **237,75** | **8,25** |
| | | | |
| C.S.C. A TRISCA | 18,00 | 17,50 | -0,50 |
| C.S.C. CONXO | 19,00 | 17,50 | -1,50 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| C.S.C. DE AMIO | 14,50 | 10,00 | -4,50 |
| C.S.C. CASTIÑEIRIÑO | 13,50 | 10,00 | -3,50 |
| C.S.C. A ROCHA | 7,50 | 5,00 | -2,50 |
| C.S.C. O ENSANCHE | 42,00 | 35,00 | -7,00 |
| ***SUMA ANEXO 3*** | ***337,50*** | **318,00** | **-19,50** |
| PRORRATA ENCARGADO | | **329,45** | **- 8,05** |
| | | | |
| RETEN | 0,00 | 37,10 | 37,10 |
| SUMA | **1059,10** | **1068,20** | **9,10** |
| SUMA / ANO | 55.073,20 | 55.564,40 | 473,20 |
| ESPECIALISTAS | 43,27 | 43,27 | 43,27 |
| ENCARGADO | | | |
| TOTAL HORAS | 1.102,37 | 1.111,47 | 52,37 |
| TOTAL HORAS / ANO | ***57.323,24*** | ***57.796,44*** | ***2.723,24*** |

Con todos estes datos, entendemos que **se adecua as necesidades do servizo** de limpeza, pero cómpre facer as seguintes observacións:

1. A variación das horas comprometidas nas dependencias do ***Anexo I*** e pouco significativa; o máis saliantable é o incremento de **2,50** horas semanais nos Servizos sociais de Galeras.

2- Non se fai rebaixa das horas comprometidas nas dependencias do ***Anexo II*** ( Instalacións deportivas).

3.- As rebaixas máis saliantables nas dependencias do ***Anexo III*** son as **7** horas semanais menos adicadas á limpeza do Centro SC do Ensanche, as **4,50** horas do Centro SC de Amio, as **3** horas do Castiñeiriño e as **2,50** horas menos semanais do Centro SC da Rocha.

4- Presenta unha distribución detallada para as distintas dependencias, sendo un pouco incompleta a **xustificación e análise** da proposta presentada

Do exposto, o número de horas semanais tidas en conta para a súa valoración son:

| | ANEXO I | ANEXO II | ANEXO III |
|---|---|---|---|
| SAMYL SL | 501,00 | 237,75 | 329,45 |

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

**Valoración máxima ata 3,5 puntos según PCA**

| | PUNTUACIÓN TOTAL NO APARTADO A |
|---|---|
| SAMYL SL | 2,00 |

**B) Actuacións ou aportacións que supoñen unha mellora sobre as especificacións contidas no prego técnico de aplicación.( Ata 3,5 puntos).**

A empresa no seu apartado **"mejoras"** recolle as seguintes aportacións e actuacións:

- 1) *Maquinaria:*
  - Maquina de espuma

- 2) *Útiles y sistemas:*
  - Sistema de pértiga de agua osmotizada para la limpieza de cristales
  - Sistema Bio
  - Sistemas de limpieza con agua ionizada para aulas de infantil
  - Enchufes ozonizadores

- 3) *Otras mejoras:*
  - Bolsa de 1.300 horas para servicios extraordinarios que tengan relación con el objeto del servicio.
  - Reten 24 horas

- o Suministro de Contenedores higiénicos H Sani
- o Suministro de señales de suelo mojado
- o Suministro de islas de recogida selectiva
- o Mejoras sobre frecuencias

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

**Ata 3,5 puntos máximo según PCA**

| SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL,S.L) | ACTUACIÓNS OU APORTACIÓNS QUE SUPONEN UNHA MELLORA SOBRE AS ESPECIFICACIÓNS CONTIDAS NO PREGO TÉCNICO DE APLICACIÓN |
|---|---|
| | **2,70** |

**C) Enumeración de maquinaria, úteis e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará específicamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización dos servizos**

A empresa na oferta presentada no seu apartado "**Medios materiales, útiles y maquinaria**", a seguinte diferenciación:

1- "Medios de uso individual: **útiles y textiles**", prestando especial atención a tipoloxía, descrición e equipamento de carros, propoñendo dúas opcións a elixir. Neste mesmo apartado, enumera os elementos dos "uniformes": pantalón, casaca ou camisa, chaqueta, chaquetón, calzado antideslizante e de seguridade e guantes".

2- "**Maquinaria**", presenta un cadro resume da "maquinaria, carros para residuos y otros", indicando tipo de maquinaria, cantidad total, dedicación al servicio y función". Enumeramos, con carácter xeral o tipo de maquinaria: aspiradores (45 unidades), rotativas (7 unidades), hidrolimpadoras (8 unidades), fregadora-aspiradora (3 unidades), extractor lavamoquetas (1 unidade), sopladores (1 unidade), difusor para desinfección vía aérea (1 unidade), elevadores (1 unidade), escadas (14 unidades) e enchufes de ozono (14 unidades).
Neste mesmo apartado, recollen dous vehículos, modelo SEAT Inca ou similar, con adicación según necesidades.

CONCELLO DE SANTIAGO

3- **"Telefonía, herramientas y pequeño material de oficina"**. Indican que o encargados/as disporán dunha Black-Berry con correo electrónico e recepción de chamadas.

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

**Ata un máximo de 3 puntos , según PCA**

| | |
|---|---|
| SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL.S.L) | ENUMERACIÓN DE MAQUINARIA, ÚTEIS E FERRAMENTAS (INCLUSO INFORMÁTICAS) QUE O ADXUDICATARIO ADICARÁ ESPECÍFICAMENTE Á EXECUCIÓN DOS TRABALLOS, DETALLANDO CARACTERÍSTICAS E ADICACIÓN DOS MESMOS, E ANALIZANDO A SÚA REPERCUSIÓN SOBRE A OPTIMIZACIÓN DOS SERVIZOS |
| | **2,20** |

**PUNTUACIONS FINAIS DA OFERTA DA EMPRESA SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA,S, S. (SAMYL)**

| | APARTADO A | MELLORAS | MAQUINARIA ÚTILES E FERRAMENTAS |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL.S.L.) | 2,00 puntos | 2,70 Puntos | 2,20 puntos |
| T OTAL PUNTOS: 6,90 | | | |

## 2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE CARÁCTER SOCIAL

### 2. 1. OFERTA PRESENTADA POR ISS FACILITY SERVICES SA

**- MEDIDAS CONCRETAS DE CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR**

O licitador fai referencia ao premio "Conciliación de vida familiar y laboral" otorgado polo Grupo de Entidades catalanas de Familia polas súas continuas melloras da conciliación laboral-familiar dos empregados.

A empresa presenta a certificación **EFR** (Empresa familiarmente responsable) por facer políticas relacionadas con:

- Estabilidade no emprego
- Flexibilidade no tempo e no espazo de traballo.
- Apoio persoal e familiar aos empregados.
- Desenvolvemento e competencia profesional
- Igualdade de oportunidades.

Presenta tamén un Programa de protección a las mujeres maltratadas y de Prevención en el acoso laboral, de acordo cos sindicatos, a implantar e avaliar en cada delegación coas medidas recollidas na negociación colectiva no seo do comité de empresa.

Esta proposta non inclúen o calendario da aplicación das medidas de conciliación.

**- NÚMERO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN PORCENTAXE SUPERIOR O 2%**

A empresa recolle no seu apartado 4.3 "Centros especiales de empleo" acreditación de tener en plantilla un número de trabajadores con discapcidad en porcentaje superior al 2%", disponiendo en su plantilla de Galicia de **25** de trabajadores con discapacidad de un total **724**, lo que representa un porcentaje de 3,58% (páxina 38 da proposta presentada). No Concello de Santiago **a** relación é de **2** traballadores con discapacidade sobre o total de **36** ( 5,55%).

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

| | MEDIDAS DE CONCILIACIÓN | ACREDITACIÓN TRABALLADORES CON DISCPACIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| PCT | 1,00 | 1,00 | 2,00 |
| ISS FACILITY SERVICES SA | 0,85 | 1,00 | 1,85 |

## 2.2 OFERTA PRESENTADA POR FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA

**- MEDIDAS CONCRETAS DE CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR**

A proposta recolle nun cadro as medidas concretas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, comprometéndose a súa implementación dende o inicio das prestación do servizo. O licitador **non presenta proposta técnica** na que se sinale calendario de avaliación da aplicación das medidas de conciliación.

As medidas propostas refírense a melloras nos seguintes aspectos:

1. Tempo de descanso: de 15 a 20 minutos.
2. Vacacións: de 30 a 31 días.
3. Licencia retribuída por matrimonio: de 20 a 22 días.
4. Licencia retribuída por nacemento: de 3 a 4 días.
5. Permiso de maternidade: de 16 a 18 semanas.
6. Permiso de lactancia: de 9 a 10 meses.

Así mesmo, indican que promoverán condicións de traballo que eviten o acoso sexual e o acoso por razón de sexo con medidas tales como a elaboración e difusión de códigos de boas prácticas, a realización de campañas informativas ou accións de formación. Neste contexto, recollen unha serie de acordos e acordos marcos que teñen subscritos como

"Protocolo para la Prevención del Acoso laboral, Sexual y/o por razón de sexo de Grupo Ferrovial"; "Acuerdo Marco de negociación e implementación de los Planes de Igualdad en el Grupo Ferrovial" e "Código de ética Empresarial".

**- NÚMERO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN PORCENTAXE SUPERIOR O 2%**

A empresa presenta no seu apartado 2.2. "Plantilla minusválidos", certificación (páxina 30 da proposta presentada) : *"A la fecha de presentación de la actual licitación, el número de trabajadores con discapacidad que posee es de 300, representando el 4,33% de su plantilla de 6.923 trabajadores"*.

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

| | MEDIDAS DE CONCILIACIÓN | ACREDITACIÓN TRABALLADORES CON DISCPACIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| PCT | 1,00 | 1,00 | 2,00 |
| FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | 0,90 | 1,00 | 1,90 |

**2. 3. OFERTA PRESENTADA POR LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU**

**- MEDIDAS CONCRETAS DE CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR**

Esta empresa recolle na súa proposta que conta cun "Plan de Igualdad Efectiva de hombres y mujers" e con unhas "Medidas de conciliación de la vida familiar y laboral" que serán presentadas ao persoal antes de 1 mes do inicio do contrato.

As medidas as que fai referencia o Plan de Iguldade son:

- Fondo de anticipo reintegrables, con dotación dun fondo de 10.000 euros

- Plan de guarderías, con abonos de 24,12 euros mensuais por fillo de traballador con máis de tres ( **3** ) meses de contrato.
- Plan de axudas, mediante comunicación de subvencións existentes.
- Días de asuntos propios, en total dous ( **2** ) por ano.
- Creación de bolsa de traballo, para fillos de traballadores xubilados con antigüidade superior a 6 anos na empresa ou contratación directa aos fillos ou viuda/o de traballados morto por enfermidade ou accidente laboral.

Nas medidas de conciliación da vida Laboral e familiar propoñen as seguintes:

A) Flexibilidad organizativa mediante as medidas

    1. Política de acercamiento ao centro de traballo
    2. Política de conciliaciónde la vida laboral de LINORSA, a saber

- Disfrute das vacacións fora dos permisos de maternidade
- Beneficio das melloras laborais durante o disfrute de permisos de maternidade
- Permiso por lactancia
- Adaptación do horario ao cuidado de persoas dependientes ata o 2º grao de consanguinidade.
- Reserva do posto de traballo por excedendia at o tercer ano.
- Igualdad de dereitos para as parellas de feito.
- Flexibilidad de horario en una hora cando se teñan persoas con discapacidade a o seu cargo.
- Con carácter excepcional, persoal e temporal, flexibilidade de dúas horas na quenda fixa por conciliación coa vida familiar.
- Reducción do 50% da xornada en un mes para atención por enfermidade grave a familiar de primeiro grado.
- Dúas horas de flexibilidade horaria para atención a fillos con discapacidade.
- Protección contra a viloencia de xénero , solicitando traslado a outro centro de traballo ou ben cun permiso especial ou excedencia.

B) Cultura Flexible, mediante concursos navideños de dibuxo e festas infantis con merenda.

Así mesmo, acreditan que dispoñen na empresa un Programa no anexo ao Plan de Igualdade de Protección a mujeres en citación de maltrato y de prevención de acoso laboral.

O licitador **non presenta proposta técnica** na que se sinale calendario de avaliación da aplicación das medidas de conciliación.

**- NÚMERO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN PORCENTAXE SUPERIOR O 2%**

A empresa presenta " Declaración responsable de porcentaje superior al 2% de personal con discapacidad"... "Que la empresa a la que represento posee a la fecha de la firma, 12 de decembro de 2012, un total de 2,30 % de minusválidosl no total da plantilla".

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

| | MEDIDAS DE CONCILIACIÓN | ACREDITACIÓN TRABALLADORES CON DISCPACIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| PCT | 1,00 | 1,00 | 2,00 |
| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | 0,90 | 1,00 | 1,90 |

## 2.4 OFERTA PRESENTADA POR CLECE SA

**- MEDIDAS CONCRETAS DE CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR**

Esta empresa recolle na súa proposta que conta cun "Plan de Igualdade Específico" que ven desenvolvendo en varios contratos e que poñerán en marcha coa prestación deste servizo.

As medidas as que fai referencia este plan son:

A) "Reclutamiento y selección del personal:": inclúen un total de 10 medidas.

B) "Formación y promoción interna": inclúen un total de 9 medidas.

C) "Conciliación de la vida profesional, familiar y personal": incluen un total de 6 medidas.

D) "Salud laboral" : Inclue un total de 2 medidas

E) "Politica salarial ": Inclue un total de 2 medidas.

Recolle ademais **outras medidas** de conciliación ente a vida persoal, laboral **e** familiar que poñerán en marcha neste contrato:

- "Compromiso de conciliación de la vida profesional con la vida familiar".
- "Ampliación de 1 semana el permiso de paternidad-maternidad"
- "Prestación de servicio de canguros".
- "Compromiso de equidad de pagos con trabajadores contratados"
- "Bolsa para trabajadores a cargo de personas discapacitadas"
- "Movilidad geográfica en caso de separación de la unidad familiar"
- "Compromiso de traslado adel trabajador en situación de maltrato"
- "Protocolo de adaptación para trabajadores con discapacidad".

Poñen a disposición os protocolos de actuación ante situacións de acoso laboral e acoso por razón de sexo, agás **non presenta proposta técnica** na que se sinale o calendario nin o sistema de avaliación da aplicación das medidas de conciliación.

**- NÚMERO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN PORCENTAXE SUPERIOR O 2%**

A empresa presenta no seu apartado 2.3. " Declaración responsable de porcentaje superior al 2% de personal con discapacidad"... "Que la empresa a la que represento posee en plantilla un total de 1.026 trabajadores con discapacidad respecto a una plantilla total de 41.428 empleados, lo que supone un porcentaje del 2,48 % de la plantilla total de la empresa".

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

| | MEDIDAS DE CONCILIACIÓN | ACREDITACIÓN TRABALLADORES CON DISCPACIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| PCT | 1,00 | 1,00 | 2,00 |
| CLECE SA | 0,85 | 1,00 | 1,85 |

## 2. 5 OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL, S.L)

### - MEDIDAS CONCRETAS DE CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR

A empresa manifesta ter subscrito coa Representación Legal dos Traballadores un "Plan de empresa familiarmente responsable y de responsabilidad social corporativa".

Neste plan recóllese:

1) "Medidas concretas de concilación entre la vida persoal, laboral y familiar:"

- Posibilidade de disfrutar ata 10 días non retribuídos por razóns persoais.
- Preferencia na elección de vacacións aos traballadores con responsabilidade familiar.
- Adaptación do traballo en caso de embarazo, enfermidade, etc.
- Adecuación dos horarios de entrada e saída, cun máximo 1 hora.
- Posibilidade de acollerse á redución de xornada ata un 50% durante os meses de embarazo.
- Posibilidade, no caso da nai, de acumular o permiso de lactancia en xornadas completas.
- Excedencia por motivos familiares, ata un máximo de 5 anos, para traballadores por coidado de familiares.
- Ampliación da idade do menor para solicitar excedencia ou reducción de xornada, para o coidado de fillos ata os 12 anos.
- Ampliación ata o 3º grao de consaguinidade ou afinidade, para solicitar excedencias e/ou redución de xornada por coidado de familiar.
- Facilitar a suspensión do contrato ou excendencia para os trámites previos de adopción de menores.

2) Programa de "Protección a mujeres en situación de maltrato y prevención de acoso laboral". Recolle como medidas nesta materia:

- Medidas de prevención do acoso laboral: promoverán medidas que eviten o acoso, a sensibilización e información á plantilla, e terán un protocolo de actuación con medidas sancionadoras.

- Medidas de "Protección a mujeres Víctimas de la Violencia de Género,excendencia con dereito a reserva de praza ata un máximo de 5 anos, prioridade das mulleres vítimas de violencia de xénero para acceder á vacantes, realización de actividades formativas adaptadas as súas necesidades para poder optar a outros postos de traballo,adaptación da xornada, redución ou reorganización da xornada e a posibilidade de mobilidade xeográfica para estas traballadoras.

O licitador **non presenta proposta técnica** na que se sinale o calendario nin o sistema de avaliación da aplicación das medidas de conciliación.

**- NÚMERO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN PORCENTAXE SUPERIOR O 2%**

A empresa presenta no seu apartado 2.3. "Declaración responsable de porcentaje superior al 2% de personal con discapacidad", declaración: " la empresa a la que represento posee en plantilla un total de 34 trabajadores con discapacidad respecto a una plantilla total de 1.200 empleados, lo que supone un porcentaje del 2,83%, lo cual se documentará fehacientemente en caso de resultar adjudicataria". (páxina 29 da proposta presentada).

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

| | MEDIDAS DE CONCILIACIÓN | ACREDITACIÓN TRABALLADORES CON DISCPACIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| PCT | 1,00 | 1,00 | 2,00 |
| SERVICIOS DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S (SAMYL, SA) | **0,85** | **1,00** | **1,85** |

- Medidas de "Protección a mujeres Víctimas de la Violencia de Género,excendencia con dereito a reserva de praza ata un máximo de 5 anos, prioridade das mulleres vítimas de violencia de xénero para acceder á vacantes, realización de actividades formativas adaptadas as súas necesidades para poder optar a outros postos de traballo,adaptación da xornada, redución ou reorganización da xornada e a posibilidade de mobilidade xeográfica para estas traballadoras.

O llicitador **non presenta proposta técnica** na que se sinale o calendario nin o sistema de avaliación da aplicación das medidas de conciliación.

**- NÚMERO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN PORCENTAXE SUPERIOR O 2%**

A empresa presenta no seu apartado 2.3. "Declaración responsable de porcentaje superior al 2% de personal con discapacidad", declaración: " la empresa a la que represento posee en plantilla un total de 34 trabajadores con discapacidad respecto a una plantilla total de 1.200 empleados, lo que supone un porcentaje del 2,83%, lo cual se documentará fehacientemente en caso de resultar adjudicataria". (páxina 29 da proposta presentada).

Valoración neste apartado, atendendo aos criterios establecidos:

| | MEDIDAS DE CONCILIACIÓN | TRABALLADORES CON DISCPACIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| PCT | 1,00 | 1,00 | 2,00 |
| SERVICIOS ANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S (SAMYL, SA) | **0,85** | **1,00** | **1,85** |

Santiago de Compostela, 18 de junio de 2013

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.: Luis Alberto López García

CONCELLO DE SANTIAGO

**INFORME TÉCNICO RELATIVO AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS PARA A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA, DOS EDIFICIOS E DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/15/2012, dos seguintes licitadores:**

1. **ISS FACILITY SERVICES, SA**
2. **FERROSER SERVICIOS AUXILIARES**
3. **LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU**
4. **CLECE SA**
5. **SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL, S.L)**
6. **INITIAL FACILITIES SERVICES, SAU**
7. **LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, SA**

**Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2013**

Redáctase o presente informe por solicitude da Mesa de Contratación encargada de valorar as ofertas presentadas para a contratación do servizo de limpeza dos edificios e das dependencias do Concello de Santiago de Compostela.

O xoves 27 de xuño de 2013, recóllese a correspondente documentación obxecto de valoración que corresponde, de acordo coa Acta da **3ª Reunión da Mesa de Contratación**, co SOBRE Nº 3 Subtitulado : "*Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de Servizo de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela CON/15/2012*", dos seguintes licitadores:

1. **ISS FACILITY SERVICES, SA**
2. **FERROSER SERVICIOS AUXILIARES**
3. **LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU**
4. **CLECE SA**
5. **SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL, S.L)**
6. **INITIAL FACILITIES SERVICES, SAU**
7. **LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, SA**

Vista a normativa Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e do Real Decreto 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e a Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres.

Visto o "*Prego de Condicións Técnicas para a contratación dos servizos de limpeza dos edificios e das dependencias do Concello de Santiago de Compostela*" (en adiante PCT) e o " *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de limpeza do Concello de Santiago de Compostela*" (en adiante PCA), aprobados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago na sesión celebrada o 31 de outubro de 2012.

Vista e analizada a documentación presentada no **SOBRE Nº 3** polos licitadores admitidos pola Mesa de Contratación, resulta que:

1- Todas as empresas presentan a oferta económica, redactado segundo o modelo anexo do PCA.

2- Presentan listado de prezos/hora por servizos extraordinarios de acordo co sinalado no prego de Prescripcións técnicas.

Atendo a que os criterios para a adxudicación aos que se refire o "Sobre Nº 3", respecto das ofertas presentadas, son de "Tipo Avaliables Mediante Cifras ou Porcentaxes", presentamos:

1. VALORACIÓN DOS CRITERIOS: PROPOSICIÓN ECÓMICA OFERTADA: ata 15 puntos.

2. TÁBOA COMPARATIVA DE PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES.

CONCELLO DE SANTIAGO

## PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS LICITADORES (SOBRE Nº 3)

CONCELLO DE SANTIAGO

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| ISS FACILITY SERVICES SA | 817.515,63 € | 14,47 |
| FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | 846.484,46 € | 13,98 |
| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SA | 788.720,28 € | 15,00 |
| CLECE SA | 829.571,45 € | 14,26 |
| SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, (SAMYL, S.L) | 793.905,38 € | 14,90 |
| INITIAL FACILITIES SERVICES, SAU | 803.389,24 € | 14,73 |
| LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO,SA | 853.470,84 € | 13,86 |

CONCELLO DE SANTIAGO

## CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

CONCELLO DE SANTIAGO

## I. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

### PROPOSICIÓN ECONÓMICA OFERTADA: ata 15 puntos

De acordo co PCA, outorgarase a máxima puntuación a oferta económicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional. As empresas clasificaranse por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "prezo máis baixo da oferta".

Outorgouse a máxima puntuación (de 15 puntos) a oferta do licitador LIMPIEZAS DEL NOROESTE, SAU por un importe de ***setecentos oitenta e oito mil setecentos vinte euros con vinteoito céntimos*** ( 788.720,28 ), aplicando ao resto das ofertas a fórmula establecida do PCA, para calcular a súa puntuación:

**Pn = (Pm x Ob)/ On**

### TÁBOA DE PUNTUACIÓN ACADADAS POLOS LICITADORES NESTE APARTADO

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA | FÓRMULA APLICADA | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|
| *ISS, SA* | 817.515,53 € | Pn = (15 x 788.720,28) / 817.515,53 | 14,47 |
| *FERROSER, SA* | 846.484,46 € | Pn = (15 x 788.720,28) / 846.484,46 | 13,98 |
| *LINORSA, SAU* | 788.720,28 € | Pn = (15 x788.720,28) / 788.720,28 | 15,00 |
| *CLECE, SA* | 829.571,45 € | Pn = (15 x788.720,28) / 829.571,45 | 14,26 |
| *SAMYL, SL* | 793.905,38 € | Pn = (15 X788.720,28) / 793.905,38 | 14,90 |
| *INITIAL, SAU* | 803.389,24 € | Pn = (15 x 788.720,28) / 803.389,24 | 14,73 |
| *LACERA, SA* | 853.470,84 € | Pn = (15 x 788.720,28) / 853.470,84 | 13,86 |

CONCELLO DE
SANTIAGO

# PUNTUACIÓNS TOTAIS

CONCELLO DE SANTIAGO

# TÁBOA DE PUNTUACIÓS XERAIS ACADADAS POLOS LICITDORES

| CRITERIOS | PUNTOS | EMPRESA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | ISS FACILITY SERVICES SA | FERROSER SERVICIOS AUXLIARES SA | LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | CLECE SA | MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA (SAMYL,S.L) |
| **ORGANIZACIÓN DO SERVIZO** | | | | | | |
| Número total de horas que se comprometen no contrato, detallando a súa distribución entre os distintos centros, xustificando e analizando esta distribución partindo dunha diagnose da situación actual | 3,50 | 3,10 | 2,60 | 3,30 | 2,65 | 2,00 |
| Actuacións e aportacións que supoñan unha mellora sobre as especificación contidas no Prego técnico de aplicación | 3,50 | 2,70 | 2,80 | 2,90 | 3,50 | 2,70 |
| Enumeración da maquinaria, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará especificamente á execución dos traballos, detallando características e adicación dos mesmos, e analizando a súa repercusión sobre a optimización dos servizos | 3,00 | 3,00 | 2,60 | 2,30 | 2,20 | 2,20 |
| TOTAIS | 10 | 8,80 | 8,00 | 8,50 | 8,35 | 6,90 |
| **CRITERIOS DE CARÁCTER SOCIAL** | | | | | | |
| Medidas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar que o licitador comprométese a aplicar para a plantilla que execute o contrato, e que melloren os mínimos establecidos na Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres. O licitador presentará unha proposta técnica sinalando calendario e sistemas de avaliación sobre medidas concretas. Así mesmo, valorase o licitador que acredite dispoñer na empresa de programas de protección a mulleres en situación de maltrato e de prevención de acoso laboral | 1,00 | 0,85 | 0,90 | 0,90 | 0,85 | 0,85 |
| Acreditación de ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade en porcentaxe superior ao 2%. | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 | 1,00 |
| TOTAIS | 2,00 | 1,85 | 1,90 | 1,90 | 1,85 | 1,85 |
| TOTAIS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS | 12 | 10,65 | 9,90 | 10,40 | 10,20 | 8,75 |
| TOTAIS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS / PORCENTAXES | 15 | 14,47 | 13,98 | 15,00 | 14,26 | 14,90 |
| TOTAIS | 27 | 25,12 | 23,88 | 25,40 | 24,46 | 23,65 |

CONCELLO DE SANTIAGO

# PUNTUACIÓNS TOTAIS ACADADA POLOS LICITADORES

| LICITADOR | CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS | CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| ISS FACILITY SERVICES, SA | 10,65 | 14,47 | 25,12 |
| FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA | 9,90 | 13,98 | 23,88 |
| LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU | 10,40 | 15,00 | 25,40 |
| CLECE SA | 10,20 | 14,26 | 24,46 |
| SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S. (SAMYL, S.L) | 8,75 | 14,90 | 23,65 |
| INITIAL FACILITIES SERVICES SAU | 0,00 | 14,73 | 14,73 |
| LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA | 0,00 | 13,86 | 13,86 |

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2013
Inspector Técnico de Servizos e Transportes

Asdo: Luis Alberto López García

CONCELLO DE SANTIAGO

# ANEXO FINAL

A vista do anterior, proponse á Mesa de Contratación a adxudicación do Servizo de limpeza dos edificios e das dependencias do Concello á empresa LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU por un importe de setecentos oitenta e oito mil setecentos vinte con vinteoito (788.720,28) euros e coas melloras que sexan de aplicación relacionadas na súa oferta.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2013

O inspector técnico de Servizos e Transportes

EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asd.: Luis Alberto López García